

# Calendario para o curso 2008-2009

## Estudios oficiais de grao e máster

1.- O **período lectivo** do curso académico comprenderá do día 22 de setembro de 2008 ao 31 de xullo de 2009.

2.- As **actividades académicas** comezarán e rematarán nas datas seguintes:

- Primeiro cuadrimestre
  - inicio: 22 de setembro de 2008
  - remate: 7 de febreiro de 2009 ( 86 días hábiles, 18 semanas)
  
- Segundo cuadrimestre
  - inicio: 9 de febreiro de 2009
  - remate: 20 de xuño de 2009 ( 18 semanas, 85 días hábiles)

3.- Os/as estudantes en cada curso académico terán dereito a dúas oportunidades para seren avaliados: a primeira terá lugar ao final de cada cuadrimestre e a segunda en xullo, quedando o calendario de probas de avaliación como segue:

- Primeiro cuadrimestre: do 22 de xaneiro ao 7 de febreiro de 2009 ( 15 días hábiles, incluídos sábados)
- Segundo cuadrimestre: do 4 ao 20 de xuño de 2009 (15 días hábiles, incluídos sábados)
- Prazo de xullo: do 6 ao 21 de xullo de 2009 (14 días hábiles, incluídos sábados)

A **data límite para a entrega de actas** será o día 31 de xullo de 2009.

4.- Establécese unha convocatoria extraordinaria Fin de Carreira para aqueles alumnos que cumpran os requisitos establecidos na normativa de Xestión Académica. As datas de avaliación destes alumnos establécese entre o 22 de xaneiro e o 7 de febreiro de 2009.

A data límite de entrega de actas desta convocatoria é o 10 de marzo de 2009.

5.- As clases interromperanse dende o día 22 de decembro de 2008 ata o día 7 de xaneiro de 2009 (ambos os dous incluídos), os días 23 e 24 de febreiro e dende o día 4 ata o 13 de abril de 2009 (ambos os dous incluídos)

6.- Terá carácter festivo o día 28 de xaneiro de 2009 (celebración do patrón da Universidade). Posuirán o mesmo carácter os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e, en cada Campus, os días das festas locais.

7.- Así mesmo, en cada Centro terán carácter festivo a data da festa do Centro. Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividades dos centros coincidan en martes ou xoves celebraranse o luns ou venres máis próximo; e se cadraran en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou seguinte.